



Expediente IET: P-20-222
Proxecto: Parque eólico Vilartoxo
Concellos: A Baña e Val do Dubra (A Coruña)
Promotor: Green Capital Power, S.L.
Nº Expte.: IN408A 2019/44

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 09/09/2021 a Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Vilartoxo.

1. Antecedentes:

Con data do 25/05/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto ambiental (EIA), de acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, tiña que incorporar un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) debendo o seu contido axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008. Ademais facíanse unha serie de consideracións sobre os posibles efectos das infraestruturas na paisaxe e se indicaban distintos criterios e recomendacións encamiñados a minimizar os impactos e acadar unha adecuada integración paisaxística do proxecto.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Vilartoxo, de 27 MW, composto por 6 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, centro de seccionamento e torre meteorolóxica). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 127,5 metros, e 145 metros de diámetro de rotor. A torre meteorolóxica acadará unha altura de 127,5 metros. A lonxitude total dos accesos proxectados é de 5.995 metros dos cales 3.840 metros correspóndense con camiños de nova construción e 2.155 metros de pistas xa existentes a modificar.

O proxecto presenta modificacións respecto ao informado o 25/05/2020, sendo as máis salientables a substitución da subestación prevista por un centro de seccionamento, o desprazamento do aeroxerador VL-06 un quilómetro ao nordés da posición anteriormente proposta, e a modificación do acceso ao parque que supón a apertura dun novo camiño duns 500 metros de lonxitude ao norte da pista asfaltada existente incluída na proposta previa.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo II).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Galicia Central, na comarca paisaxística Terra de Santiago-A Barcala.

As infraestruturas do parque non se atopan dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico (AEIP) do Catálogo, situándose as máis próximas nun radio de 5 km: AEIP-07-08 Carballeiras de San Cibrán, AEIP-07-04 Portomouro e AEIP-07-09 A Ponte Maceira. Os miradoiros máis próximos son o de Santa Mariña, localizado a uns 3,3 km ao oeste do aeroxerador VL-05, e os de Pico San Marcos e Espiñeira a uns 6 km ao sueste e leste, respectivamente, do sector máis meridional do parque. En relación a outros valores citados no Catálogo, o trazado do Camiño de Santiago (Camiño de Fisterra-Muxía) discorre a uns 5 km ao sur do parque, seguindo unha dirección leste-oeste.

O proxecto localízase no límite entre os termos municipais da Baña e Val do Dubra. A orografía desta área caracterízase por presentar un relevo accidentado formado por unha sucesión de montes de pendentes moderadas que separan distintos vales nos que se asentaron os núcleos rurais. Nestes lugares de relevo menos abrupto, os asentamentos aparecen rodeados das terras de cultivos e prados, mentres que nas ladeiras dos montes e nas zonas de cumio dominan as plantacións forestais de especies de repoboación, piñeiros e eucaliptos. As masas de vexetación autóctona dispóñense en bosquetes intercalados coas especies madeireiras e asociados aos cursos fluviais presentes na contorna. As principais vías de comunicación son as estradas autonómicas AC-453 e a AC-406 que discorren ao leste do parque e a AC-444 ao oeste.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, descríbense as características principais do proxecto, analízase a calidade visual e a fragilidade paisaxística do ámbito, calcúlanse as cuncas visuais dos aeroxeradores tendo en conta os miradoiros, os lugares e as áreas de especial interese paisaxístico máis próximos e se realiza unha análise da intervisibilidade do proxecto apoiándose en fotografías e infografías, analízanse os impactos e se describen os criterios e as medidas preventivas e correctoras para acadar a integración paisaxística do proxecto.





As medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, pero deberán completarse de acordo co que se indica no punto 6 do presente informe.

Se ben o EIIP presentado inclúe en xeral os contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística nin as determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

O proxecto provocará unha intrusión visual vinculada á presenza das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores e a torre anemométrica, nunha sucesión de elevacións, o que lle confire unha alta visibilidade dende as zonas de val que se estenden ao pé destes montes.

Respecto ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha AEIP, nin afecta a lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo. En relación aos miradoiros, os aeroxeradores serán visibles dende os mencionados anteriormente, situándose o máis próximo o de Santa Mariña, localizado no cumio dun monte separado do lugar do proxecto polo val do río de Portalaxe e a unha altitude maior, a uns 520 metros, que as posicións das máquinas do parque, entre os aproximadamente 400 metros do VL-06 e os 320 metros do VL-02; a pesar desta posición relativa, a proximidade dos aeroxeradores e a súa dimensión poden producir unha certa interferencia nas vistas panorámicas desde o miradoiro, se ben os efectos non serán significativos.

Tamén poden producirse impactos visuais como consecuencia da distancia aos núcleos de poboación, posto que existen distintos asentamentos localizados a menos dun quilómetro, como son os de Menlle de Arriba, Menlle de Abaixo, Bugalleira, Estebande ou Xermil (directriz de paisaxe DX.20.c).

Os principais impactos visuais virán derivados da acumulación de proxectos eólicos, principalmente ao norte e oeste, que provocarán un efecto sinérxico na paisaxe diminuindo a calidade visual e estética das escenas, posto que segundo a web do rexistro eólico de Galicia, existen dous parques autorizados e outros tres en tramitación nun radio de 5 km.

6. Conclusión:

O proxecto vai a provocar un efecto sobre a paisaxe característico das instalacións eólicas, con incidencia visual sobre numerosos núcleos rurais no ámbito do parque incrementada pola sinerxía dos outros parques eólicos autorizados ou en tramitación na contorna.

O EIIP deberá axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, no Regulamento da Lei 7/2008, e nas Directrices de paisaxe, en concreto nos seguintes aspectos:

- De acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto os obxectivos de calidade paisaxística e as determinacións das directrices de paisaxe para as unidades de paisaxe afectadas, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 "Disposicións de carácter xeral" das Directrices de paisaxe de Galicia.
- Debe ampliarse a descrición e xustificación dos criterios e as medidas que se prevé adoptar para acadar a integración paisaxística do proxecto, de acordo co disposto no artigo 30 do



Regulamento da Lei 7/2008 e nas normas e recomendacións das Directrices de paisaxe que resulten de aplicación, entre as que cabe destacar neste caso as seguintes:

- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.c, e dada a presenza de núcleos rurais próximos ao proxecto, no caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes.
- De acordo coa directriz de paisaxe DX.20.i, e en relación coa pantalla vexetal prevista para atenuar a visibilidade do centro de seccionamento, deberánse empregar especies arbóreas ou arbustivas autóctonas.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

(Documento asinado electronicamente)

